

Crime na aula

Estaba por entrar á clase cando ve un encapuchado bebendo o sangue do seu compañeiro. Pouco a pouco foise xirando e comezou a mirar os corpos pálidos e sen vida dos seus amigos tirados no chan xunto ao da súa mestra. Empezou a camiñar cara a atrás para intentar saír de aí o antes posible, pero bateu torpemente contra unha cadeira, o que fixo que de súpeto o encapuchado se virase cara a el, alertado polo ruído. Entón observou que tiña uns ollos de cor enfermiza e sen vida, que o miraban fixamente con ansias de facerlle o mesmo que aos seus compañeiros. E despois de pegar un grito cheo de medo, escoita ao director marcar o final da escena con ese característico “corten”.

Por fin, a secuencia saíra perfecta.

Lucía Fernández Gándara 3ºC